

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión Permanente do Consello Galego de Estatística do día 26 de outubro de 2018

## 3902-04-OE05 Renda municipal do sector fogares

### PROXECTO TÉCNICO

#### 1 OBXECTIVOS

A operación da “Renda municipal do sector fogares” insírese dentro do Sistema de Contas Económicas de Galicia, o cal ten como obxectivo xeral ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica galega, que sexa completa, sistemática, sinxela e detallada. Dentro do sistema, as Contas do sector fogares permiten afondar no coñecemento deste sector institucional, completando a información proporcionada nas Contas económicas anuais.

A operación Renda municipal do sector fogares permite dar resposta á crecente demanda de información cun maior nivel de desagregación territorial. Completa así a información a nivel municipal que proporciona o Instituto Galego de Estatística coa difusión Produto interior bruto municipal.

O obxectivo final desta operación é obter estimacións municipais e comarcais da renda dispoñible dos fogares. Así mesmo, difundirase información das distintas partidas que compoñen a conta de asignación da renda primaria e de distribución secundaria da renda. Desta maneira, nunha primeira fase, estímase as **rendas primarias** que reciben os fogares residentes pola súa participación directa no proceso de produción (remuneración de asalariados, excedente de explotación e rendas mixtas) e a xerada como propietarios dun activo financeiro ou dun activo material non producido a cambio de proporcionar fondos ou de poñer o activo material non producido a disposición doutra unidade institucional (rendas da propiedade). Posteriormente, amósase o proceso de **distribución secundaria da renda** a través dos impostos correntes sobre a renda e patrimonio, as cotizacións e prestacións sociais e as outras transferencias correntes, obtendo como saldo a renda dispoñible.

#### 2 NORMATIVA

Todas as operacións do sistema de contas económicas de Galicia elabóranse seguindo os principios metodolóxicos do *Sistema Europeo de Contas (SEC-2010)*, *Regulamento (CE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea*<sup>1</sup> que establece a obrigatoriedade dos Estados membros de seguir os seus conceptos, métodos e criterios coa finalidade de describir unha economía no seu conxunto, as súas compoñentes e as súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 é coherente co *Sistema de Contas Nacionais de 2008 (SCN 2008)* que marca as directrices mundiais sobre contabilidade nacional, coa excepción de certas diferenzas que introduce o SEC-2010. Este último manual foi realizado e publicado baixo a responsabilidade conxunta de: Nacións Unidas (ONU), Fondo Monetario Internacional (FMI), Comisión das

---

<sup>1</sup> Ver <http://www.boe.es/doue/2013/174/L00001-00727.pdf>

Comunidades Europeas-Eurostat, Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE) e o Banco Mundial.

O Sistema Europeo de Contas (SEC-2010) fai unha breve referencia ás contas rexionais de rendas dos fogares, recollendo explicitamente a dificultade para obter a sucesión completa de contas e indicando que por motivos prácticos, as contas se limitan á conta de asignación da renda primaria e á conta de distribución secundaria da renda. Porén, non fai referencia o SEC ás contas municipais. Así, aínda que o marco de referencia desta operación é o SEC-2010, os obxectivos desta operación son moito máis ambiciosos dende un punto de vista territorial.

### **3 OPERACIÓNS RELACIONADAS**

Esta operación está estreitamente relacionada con outras operacións realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), especialmente coas Contas do sector fogares e co Produto interior bruto municipal

O actual sistema integrado de contas económicas de Galicia ten un núcleo central formado polo Marco input-output, as Contas económicas anuais e as Contas económicas trimestrais. Estas tres operacións estatísticas configuran o marco central co que deben ser coherentes as restantes estatísticas de carácter sectorial e de síntese (por exemplo, as contas satélites) que se poidan desenvolver dentro deste sistema integrado.

As Contas do sector fogares proporcionan información das contas de asignación da renda primaria e distribución secundaria da renda para o sector institucional fogares a nivel Galicia. Esta operación é o punto de partida para a estimación da Renda municipal dos fogares que constitúe unha particularización da mesma a nivel de municipio.

Así mesmo, esta operación está relacionada co Produto interior bruto (PIB) municipal na medida en que completa e complementa a información de tipo económico a nivel municipio proporcionada por aquela. Así, se na estimación do PIB municipal o interese é saber o territorio onde se xera a actividade económica (e as rendas do traballo correspondentes), na estimación da Renda municipal o interese é coñecer onde residen os perceptores da renda<sup>2</sup>.

### **4 ÁMBITO XEOGRÁFICO E TEMPORAL**

O período de referencia dos datos é anual e as variables económicas difúndense en miles de euros ou euros por habitante.

Esta operación achega información para cada un dos concellos galegos das partidas e saldos contables que compoñen as contas de asignación primaria da renda e distribución secundaria da renda. Así mesmo, achéganse datos comarcais e provinciais obtidos por agregación dos concellos que as forman.

Os datos refírense aos concellos da Comunidade autónoma de Galicia. O total da economía defínese en termos de unidades institucionais e sectores e está formado por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese económico predominante no territorio

---

<sup>2</sup> As rendas percibidas polos fogares, non só inclúen as rendas do traballo senón tamén rendas da propiedade e outras como prestacións sociais ou transferencias correntes.

económico dunha rexión<sup>3</sup>. No caso desta operación, o ámbito de estudo redúcese ao sector institucional fogares.

## 5 CONCEPTOS E DEFINICIÓNS

Os conceptos utilizados nesta operación estatística son coherentes cos establecidos no SEC-2010, é dicir, están recollidos no regulamento europeo, o que implica que son compatibles a escala internacional, están harmonizados con outros sistemas de estatísticas sociais e económicas e están recoñecidas e establecidas para un longo período de tempo<sup>4</sup>.

**Sector institucional:** O SEC define unha unidade institucional como unha entidade económica que se caracteriza pola súa autonomía de decisión no exercicio da súa función principal. As unidades institucionais agrúpanse en sectores segundo o tipo de produtor do que se trate e de acordo coa súa función ou actividade principal, aspectos que se consideran representativos do seu comportamento económico.

**Sector Fogares (S.14).** Comprende aos individuos ou grupos de individuos, tanto na súa condición de consumidores como na súa condición de empresarios que producen bens e servizos de mercado, sempre que a produción de bens e servizos non sexa realizada por entidades diferenciadas tratadas como cuasisociedades. Ademais, comprende aos individuos ou grupos de individuos que producen bens e servizos non financeiros exclusivamente para uso final propio.

**Excedente de explotación bruto (EEB)/ renda mixta:** corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. É o saldo da conta de explotación. No caso do sector fogares, o saldo contable contén implicitamente un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario. Estes ingresos por conta propia presentan as características dos soldos e salarios pero tamén as dos beneficios obtidos como empresario e denomínanse renda mixta. Ademais, no caso da produción por conta propia de servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios, o saldo da conta de explotación é un excedente de explotación, e non renda mixta.

**D.1 Remuneración de asalariados:** comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en:

- Soldos e salarios, xa sexan en efectivo ou especie (D.11)
- Cotizacións sociais a cargo dos empregadores (D.12)

A remuneración de asalariados figura na conta de asignación da renda primaria e recolle os pagos recibidos polos asalariados residentes en Galicia pola súa participación nas actividades produtivas, independentemente de onde estean situados os establecementos onde traballan (falamos de remuneración de asalariados “rexional”).

---

<sup>3</sup> Ver SEC-2010, 13.09 e seguintes

<sup>4</sup> Ver mais en SEC-2010, 1.21 e seguintes

**D.11 Soldos e salarios:** Os soldos e salarios en efectivo inclúen os seguintes tipos de remuneración: soldos e salarios básicos pagados a intervalos regulares, outros pagos adicionais como gratificacións por horas extraordinarias, traballo nocturno, etc, complementos de transporte dende e ata o lugar de traballo, etc (SEC 4.03). Así mesmo, inclúen as cotizacións sociais, os impostos sobre a renda e outros pagos a cargo do asalariado aínda que o empregador os reteña e os pague directamente ás autoridades fiscais ou sistemas de seguros sociais en nome do asegurado. Pola súa parte, os soldos e salarios en especie son os bens e servizos, ou outras prestacións non en efectivo, proporcionados gratuitamente ou a prezos reducidos polos empregadores aos seus asalariados ou aos familiares dos mesmos (SEC 4.04 e 4.05)

**D.12 Cotizacións sociais a cargo dos empregadores :** Son as cotizacións sociais que pagan os empregadores aos sistemas de seguridade social ou outros sistemas de seguros sociais vencellados ao emprego a fin de garantir as prestacións sociais para os seus asalariados. Poden ser efectivas (D.121) ou imputadas (D.122). As cotizacións sociais efectivas (D.121) son os pagos que os empregadores efectúan aos sistemas de seguridade social ou outros sistemas de seguros sociais vencellados ao emprego co fin de garantir o dereito dos seus asalariados ás prestacións sociais. Estas cotizacións poden ser obrigatorias ou voluntarias. As cotizacións sociais imputadas (D.122) representan a contrapartida das prestacións sociais pagadas directamente polos empregadores aos seus asalariados ou antigos asalariados.

**D.4 Rendas da propiedade:** Xéranse cando os propietarios de activos financeiros e de recursos naturais os poñen a disposición doutras unidades institucionais. No caso do sector fogares poden ser:

- D.41 Intereses
- D.42 Rendas distribuídas das sociedades, compostas por D.421 Dividendos e D.422 Rendas retiradas das cuasisociedades.
- D.44 Outras rendas de inversión
- D45 Rendas da terra

**D.41 Intereses** son as rendas da propiedade que reciben os propietarios de activos financeiros por poñer ditos activos financeiros a disposición doutra unidade institucional, tales como intereses de depósitos, préstamos, bonos e obrigas, letras e instrumentos similares, intereses de arrendamentos financeiros, etc. Esta partida pode ser tanto un recurso coma un emprego dos fogares.

**D.421 Dividendos:** toda distribución de beneficios polas sociedades aos seus accionistas ou propietarios. Rexístranse como recursos dos fogares que son accionistas dalgunha sociedade na conta de asignación da renda primaria. Pola súa banda, as **Rendas retiradas das cuasisociedades (D.422)** son os importes que os empresarios retiran efectivamente, para o seu propio uso, dos beneficios realizados polas cuasisociedades que lles pertencen. Rexístranse nos empregos da conta de asignación da renda primaria dos sectores nos que están clasificadas as sociedades e como recursos dos fogares.

As **outras rendas da inversión (D.44)** inclúen as rendas de inversión atribuíbles aos tomadores de seguro (D.441), as rendas de inversión a pagar sobre os dereitos por pensións (D.442) e as rendas de inversión atribuíbles a partícipes en fondos de inversión (D.443). Son un emprego do sector Institucións financeiras e un recurso principalmente do sector Fogares e tamén, residualmente, dos sectores Sociedades non financeiras e Institucións financeiras

A partida **D.45 Rendas da terra** comprende os ingresos que recibe o propietario dun recurso natural por poñelo a disposición doutra unidade institucional. Existen dous tipos diferentes de rendas procedentes de recursos: as rendas da terra (terreos) e as rendas de activos do subsolo (xacementos de minerais e combustibles fósiles)

**D.5 Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.:** Comprenden todos os pagos obrigatorios e sen contrapartida recadados periodicamente polas administracións públicas e o resto do mundo sobre a renda e o patrimonio das unidades institucionais, así como algúns impostos periódicos que non se esixen nin sobre a renda nin sobre o patrimonio. Divídese en Impostos sobre a renda (D.51) e Outros impostos correntes (D.59).

**D.61 Cotización sociais netas:** son as cotizacións efectivas ou imputadas que pagan os fogares aos sistemas de seguros sociais co fin de asegurar o pago de prestacións sociais. Comprenden:

- **D.611 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores:** corresponden ao fluxo D.121
- **D.612 Cotizacións sociais imputadas a cargo dos empregadores:** corresponden ao fluxo D.122
- **D.613 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos fogares:** son as cotizacións sociais que pagan, no seu nome, os asalariados, os traballadores por conta propia ou os desempregados aos sistemas de seguros sociais
- **D.614 Cotizacións suplementarias a cargo dos fogares:** consisten nas rendas da propiedade obtidas durante o exercicio contable no stock dos dereitos por pensións e outras prestacións distintas das pensións.

**D.62 Prestacións sociais distintas das transferencias sociais en especie:** Comprende as seguintes partidas:

- **D.621 Prestacións da seguridade social en efectivo:** prestacións de seguros sociais a pagar en efectivo aos fogares polos fondos da seguridade social. Rexístranse como empregos das Administracións Públicas e recurso dos fogares.
- **D.622 Prestacións doutros sistemas de seguros sociais:** prestacións a pagar polos empregadores no contexto doutros sistemas de seguros sociais vencellados ao emprego (distintos da seguridade social). Inclúe, entre outros, as pensións doutros sistemas de seguros sociais (como as de MUFACE), os salarios que se continúan pagando polos empregadores nos períodos de baixa, accidente, enfermidade, etc. Son un recurso dos fogares e un emprego do sector do empregador.

- **D.623 Prestacións de asistencia social en efectivo:** transferencias correntes pagadas polas administracións públicas ou as institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF) aos fogares, para cubrir as mesmas necesidades que as prestacións de seguros sociais pero que non se enmarcan nun sistema de seguros sociais que requira a participación con cotizacións sociais. Estas prestacións proporciónanse: cando non existe outro sistema de seguros sociais que cubra esa circunstancia, cando aínda que existan outros sistemas de seguros sociais, o fogar en cuestión non ten dereito á prestación, cando as prestacións de seguros sociais non son suficientes para cubrir as necesidades e, en xeral, no marco da política social. Son un recurso dos fogares e un emprego dos sectores Administración Pública e ISFLSF.

**D.7 Outras transferencias correntes:** No caso do sector fogares comprende:

- D.71 Primas netas de seguro non vida
- D.72 Indemnizacións de seguro non vida
- D.75 Transferencias correntes diversas

**D.71 Primas netas de seguro non vida:** As primas netas de seguro non vida son as primas a pagar en virtude de pólizas subscritas por unidades institucionais. Son os montantes dispoñibles para a cobertura de diversas continxencias ou accidentes, de orixe natural ou causado polo home, que provocan danos aos bens, ás propiedades ou ás persoas (incendios, inundacións, accidentes, roubos, etc.) ou ben para a cobertura de perdas financeiras ocasionadas por continxencias como enfermidades, desemprego, accidentes, etc.

No caso das pólizas dos fogares individuais son as que estes subscriben pola súa propia iniciativa e beneficio, independentemente dos empregadores e da administración pública e fora de todo sistema de seguros sociais. Constitúen un emprego do sector fogares.

**D.72 Indemnizacións de seguro non vida:** Representan as indemnizacións imputables ao exercicio corrente en virtude de contratos de seguro non vida; é dicir, os importe que as compañías de seguros están obrigadas a pagar por lesións ou danos sufridos polas persoas ou os bens.

As indemnizacións teñen a súa orixe nos danos ou lesións que os tomadores do seguro causan a terceiros ou a propiedades destes. Neses casos, considérase que as compañías de seguros pagan directamente as indemnizacións ás partes prexudicadas e non indirectamente a través do tomador do seguro. No caso do sector fogares (beneficiarios do seguro) son un recurso.

**D.75 Transferencias correntes diversas:** No caso do sector fogares, comprende:

- **D.751 Transferencias correntes ás institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares:** comprende as contribucións voluntarias (agás legados) e axuda financeira que as ISFLSF reciben dos fogares e, en menor medida, doutras unidades. Constitúen, por tanto, un emprego do sector fogares.

- **D.752 Transferencias correntes entre os fogares:** consisten en tódalas transferencias correntes, en efectivo u ou especie, que os fogares residentes efectúan a, ou reciben de, outros fogares residentes ou non residentes. En particular, inclúen as remesas de fondos que os emigrantes fan a membros da súa familia residentes noutro país
- **D.759 Outras transferencias correntes:** Inclúe outro tipo de transferencias que os fogares reciben ou efectúan como: bolsas de estudos, pagos de multas e sancións, etc.

## 6 FONTES E PROCEDEMENTO XERAL DE ESTIMACIÓN

O punto de partida son as Contas dos fogares, que proporcionan, entre outra, información das contas de asignación primaria da renda e distribución secundaria da renda para o total de Galicia. O obxectivo nesta operación será distribuír os agregados galegos por concellos.

De forma análoga ao que se indica no SEC<sup>5</sup> para as contas rexionais e a súa relación coas contas nacionais, pode abordarse a estimación das contas do sector fogares por concello utilizando os seguintes métodos:

1. **Métodos ascendentes:** Supón utilizar a información das unidades residentes no concello e ir agregando as mesmas ata establecer o valor municipal do agregado. Ten a vantaxe de utilizar directamente as fontes pertinentes a escala municipal, e na fase final as estimacións ascendentes concílianse cos totais das contas rexionais.
2. **Métodos descendentes:** Supón distribuír a cifra rexional entre os concellos sen tratar de individualizala por unidades residentes, usando un indicador. Este método ten a vantaxe de garantir a coherencia entre os datos numéricos das contas rexionais e das contas municipais e a desvantaxe de que as estimacións non se obteñen a partir de datos directos.
3. **Métodos mixtos:** O método ascendente non se presenta polo xeral en estado puro polo que debe combinarse co método descendente.

O SEC-2010 dálle preferencia ás medicións directas fronte ás indirectas, e indica que se se dispón de microdatos completos e fiables a nivel de UAE locais, deben utilizarse métodos ascendentes. Este é un principio que se ven aplicando nas estimacións das Contas Económicas de Galicia das distintas bases estimadas polo Instituto Galego de Estatística, de xeito que só se aplica un método descendente cando sexa manifesta a imposibilidade de obter os datos directos das unidades involucradas tal e como ocorre neste caso: non se dispón de suficiente información que sexa fiable e exhaustiva das unidades a nivel municipal. Por este motivo, empréganse sobre todo métodos descendentes e o obxectivo é atopar, para cada un dos agregados estimados nas Contas dos fogares para Galicia, un bo indicador de reparto a nivel municipal.

A maior parte dos indicadores de reparto municipal obtéñense a partir de **información subministrada pola Axencia tributaria (AEAT)**. Esta información chega ao IGE en base a un acordo asinado durante o ano 2017 para o intercambio de información tributaria entre a AEAT

---

<sup>5</sup> Ver SEC-2010, 13.24

e os institutos rexionais de estatística (*Acuerdo del Consejo Superior para la Dirección y Coordinación de la Gestión Tributaria, de 11 de julio de 2017, por el que se incorporan al marco de intercambio de información entre las Administraciones Tributarias del Estado y de las Comunidades Autónomas de régimen común y Ciudades con Estatuto de Autonomía determinados intercambios de información estadística*). En virtude deste acordo, o IGE recibe anualmente información dun conxunto de variables relacionadas coas rendas dos fogares obtidas pola AEAT a partir da información contida en diversos modelos tributarios. Esta información ten un nivel de desagregación municipal<sup>6</sup> e cada unha das variables obtense a partir da combinación dun ou varios modelos tributarios.

A información subministrada cubre a toda a poboación e, para a súa obtención, a AEAT diferencia entre declarantes e non declarantes. No caso de declarantes, danlle prioridade á información que figura na súa declaración anual (modelo 100), e, para os non declarantes, a información axústase exclusivamente aos modelos informativos.

A AEAT debe facer previamente dous axustes sobre a información directa obtida dos modelos: en primeiro lugar, dentro dos declarantes, no caso de declaracións conxuntas, reparten os datos consignados no modelo 100 de acordo á información individual que figura nos modelos informativos ou noutras fontes de información como poden ser as cotizacións sociais no réxime de autónomos. En segundo lugar, no modelo 100, os salarios, pensións de xubilación e viudedade decláranse na mesma partida, polo que o importe declarado, a AEAT distribúeo en función da información proporcionada polo modelo 190.

En particular, emprégase información principalmente dos modelos seguintes:

- Modelo 100. Imposto sobre a renda das persoas físicas
- Modelo 190. Declaración Informativa. Retencións e ingresos a conta. Rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rendas. Resumen anual.
- Modelo 180. Declaración Informativa. Retencións e ingresos a conta. Rendementos procedentes do arrendamento de inmobles urbanos. Resumen anual.
- Modelo 193. Declaración Informativa. Retencións e ingresos a conta do IRPF sobre determinados rendementos do capital mobiliario. Retencións e ingresos a conta do IS e IRNR (establecementos permanentes) sobre determinadas rendas. Resumen anual.
- Modelo 196. Declaración Informativa. Resumen anual de retencións e ingresos a conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas obtidas pola contraprestación derivada de contas en toda clase de institucións financeiras.

No Anexo I pode consultarse o detalle das variables incluídas na información tributaria e que constitúen a principal fonte de información para obter os indicadores de reparto a nivel municipal. Para cada variable indícase o modelo e a clave ou subclave<sup>7</sup> de dito modelo empregada.

---

<sup>6</sup> A información que o IGE recibe non é de tipo individual, se non agregacións a nivel concello para cada unha das variables.

<sup>7</sup> A numeración correspóndese cos modelos do ano 2013.

A modo de exemplo, para o agregado D.1 Remuneración de asalariados, emprégase como indicador a variable *Salarios*, para o agregado D.41 Intereses, emprégase a variable *8. Intereses*, etc. Pode consultarse do detalle dos indicadores empregados para cada agregado no Anexo II.

## 7 FONTES E PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS DE ESTIMACIÓN

Aínda que para obter as estimacións municipais de moitos dos agregados se emprega a información tributaria da que falamos no apartado anterior, existen outros agregados nos cales se realizan procedementos específicos para obter os indicadores de reparto municipal. En particular:

- **Excedente bruto de explotación**

É o saldo da conta de explotación correspondente ás actividades de produción de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios. Esta produción debe medirse (SEC 3.75 e seguintes) polo valor estimado do aluguer que pagaría un inquilino polo mesmo aloxamento.

O indicador empregado para distribuír por concello o excedente bruto de explotación, constrúese a partir da Enquisa estrutural a fogares que realiza o IGE e o Censo de vivendas que realiza o INE. O Censo de vivendas permite coñecer, para cada concello o número de vivendas ocupadas polos seus propietarios, o seu principal inconveniente é a falta de periodicidade anual. Suprimos esta carencia de información coa Enquisa estrutural a fogares, que permite ter anualmente unha estimación das vivendas principais en propiedade, en aluguer, etc. aínda que cun menor detalle territorial que o censo. Ademais, esta enquisa emprégase para obter unha estimación do gasto medio en aluguer imputado por áreas xeográficas e para os principais concellos de Galicia. Combinando esta información obtemos unha estimación da produción de servizos de alugueiro imputado por concello que empregamos como indicador de reparto.

- **Imposto de Bens inmobles (IBI)**

No caso do Imposto de bens inmobles (IBI) recóllese en diferentes partidas contables dependendo do uso do inmovible gravado. Así, considérase D.59 (outros impostos correntes) a parte do IBI devengado correspondente ás vivendas baleiras e ás vivendas secundarias (referido ao tempo no cal están baleiras). A parte correspondente ás vivendas principais ocupadas polos seus propietarios e das vivendas secundarias (no tempo ocupadas polos seus propietarios) considéranse D.29 impostos sobre a produción do alugueiro imputado. No caso do IBI devengado por locais comerciais considérase D.29 impostos sobre a produción das ramas de actividade correspondentes.

Para obter a estimación municipal do IBI considerado D.59, emprégase a información da recadación por concello do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, a información dos bens inmobles e o seu valor catastral por usos (residencial, comercial, sanitario, etc. ) para cada concello que publica a *Dirección General de Catastro do Ministerio de Hacienda y Función Pública* e o Censo de vivendas de 2011 que nos dá información sobre número de vivendas principais, baleiras, etc. Esta estimación faise para todos os concellos e obtense o total galego por agregación.

- **Outras fontes de información**

Outras fontes de información empregadas para a construción de indicadores municipais son: Cifras poboacionais, Liquidacións orzamentarias concellos, afiliados ao réxime de autónomos por concello de residencia, Beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES), Número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social e padrón de españois residentes no estranxeiro.

No anexo II pode consultarse o detalle de indicadores empregados para cada agregado.

## **8 PLAN DE DIFUSIÓN**

Difundirase anualmente a seguinte información, cun nivel de desagregación municipal:

- Renda dispoñible bruta por habitante. Serie 2000-*Ano t*
- Conta de asignación da renda primaria e conta de distribución secundaria da renda. Serie 2010-*Ano t*.

Sendo o *Ano t* o ano de referencia de cada publicación.

## ANEXO I: Información tributaria utilizada

Variable	Definición da variable	
	Declarantes	Non declarantes
<b>RENDAS DO TRABALLO</b>		
1. Salarios	100.1+5	190.A+E+F
2. Pensións de xubilación		190.B
3. Prestacións de desemprego suxeitas		190.C
4. Aportación do empregador a plans de pensións e seguros colectivos	100.6+7+43	345.C+G+J9+L
5. Indemnizacións por despido		190.L5
6. Prestacións por desemprego exentas		190.L13
7. Traballos no estranxeiro		190.L15
<b>RENDAS DO CAPITAL MOBILIARIO</b>		
8. Intereses	100.21	193.B1+B2+B3+B5+B6+196+DA.1
9. Dividendos	100.23	193.A1+A2+A3+A4+A5+A7+A8
10. Outras rendas	100.28+38-21-23	188+192+193.resto+194+198+DA.2+3+6
11. De entidades en atribución de rendas	100.200+201	184.A1+A2
<b>RENDEMENTOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS</b>		
12. En estimación directa	100.116	
13. En estimación obxectiva non agraria	100.143	
14. En estimación obxectiva agraria	100.171	
<b>OUTRAS RENDAS</b>		
15. Prestacións de incapacidade		190.L6+L7
<b>IMPOSTOS E COTIZACIÓNS</b>		
16. Imposto devengado	100.511-526	180+184+187+188+190+193+194+196-156
17. Cotizacións sociais empregados e parados	100.10	190.A+C
<b>AGREGADOS</b>		
Salarios		1+4+5+7
Pensións		2+13
Desemprego		3+6
Pro memoria: Intereses hipotecarios		
Nota: as claves fan referencia aos modelos do ano 2013		

## ANEXO II. Principais fontes de información

Agregado	Fonte
<b>B.2 Excedente bruto de explotación</b>	<b>Censo de viviendas 2011 (INE), Enquisa estrutural a fogares (IGE)</b>
<b>B.3 Renda mixta</b>	<b>AEAT: variables 12, 13 e 14 (ver Anexo I)</b>
<b>D.1 Remuneración dos asalariados</b>	<b>AEAT: variable "Salarios" (ver Anexo I)</b>
<b>D.4 Rendas da propiedade (RECURSOS)</b>	
D.41 Intereses	AEAT: variable 8 (ver Anexo I)
D.42 Rentas distribuídas de las sociedades	AEAT: variable 9 (ver Anexo I)
D.44 Rentas de la propiedade atribuídas a los asegurados	Cifras poboacionais de referencia (IGE)
D.45 Rentas de la tierra	Cifras poboacionais de referencia (IGE)
<b>D.4 Rendas da propiedade (EMPREGOS)</b>	
D.41 Intereses	AEAT: " intereses hipotecarios"
D.45 Rentas de la tierra	Cifras poboacionais de referencia (IGE)
<b>D.5 Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.</b>	
D51 Impostos sobre a renda	AEAT: variable 16 (ver Anexo I) Estadísticas catastrales (Dirección General de Catastro do Ministerio de Hacienda y Función Pública), Censo de viviendas de 2011 (INE), liquidacións orzamentarias concellos, AEAT: Rendas do capital mobiliario (ver Anexo I)
D59 Outros impostos correntes	
<b>D.61 Cotizacións sociais netas</b>	
D.611 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores	AEAT: variable "Salarios" (ver Anexo I)
D.612 Cotizacións sociais imputadas a cargo dos empregadores	AEAT: variable "Salarios" (ver Anexo I)
D.613 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos fogares	AEAT: variable 17, "Desemprego" (ver Anexo I), Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado (IGE)
D.614 Cotizacións sociais suplementarias a cargo dos fogares	Cifras poboacionais de referencia (IGE)
<b>D.62 Prestacións sociais</b>	
D.621 Prestacións da seguridade social en efectivo	AEAT: variable "Pensions" e "Desemprego" (ver Anexo I)
D.622 Prestacións doutros sistemas de seguros sociais	AEAT: variable "Salarios" (ver Anexo I)
D.623 Prestación de asistencia social en efectivo	Beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (IGE), Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social (IGE), Beneficiarios das Axudas de Emerxencia Social (IGE), Cifras poboacionais de referencia (IGE)
<b>D.7 Outras transferencias correntes (RECURSOS)</b>	
D.72 Indemnizacións de seguro non vida	Cifras poboacionais de referencia (IGE)
D.75 Transferencias correntes diversas	Estadística del padrón de españoles residentes en el extranjero (INE), Cifras poboacionais de referencia (IGE)
<b>D.7 Outras transferencias correntes (EMPREGOS)</b>	
D.71 Primas netas de seguro non vida	Cifras poboacionais de referencia (IGE)
D.75 Transferencias correntes diversas	Estadística del padrón de españoles residentes en el extranjero (INE), Cifras poboacionais de referencia (IGE), Estadística de los declarantes del impuesto sobre las personas físicas (AEAT)